

Demandamos a integración do hospital da Escola Naval na rede asistencial do Sergas

A sanidade é un dos servizos públicos fundamentais para garantir a calidade de vida dos cidadáns. Nos últimos tempos estamos asistindo a un deterioro planificado desde a administración para conquistar dous obxetivos. O primeiro, reducir as inversións públicas para acadar *o déficit cero* que tanto gusta a este goberno. O segundo, xustificar as privatizacións en base ao deterioro do sector público. Estes obxetivos non teñen como finalidade beneficiarnos a todos nos, so pretenden que as grandes empresas sigan medrando a costa nosa e dos nosos impostos.

A Asociación do Defensor do Paciente fixo público un informe o pasado 25 de Xullo no que se analisaba a situación da asistencia sanitaria pública no estado español. No mesmo indicaba-se a saturación das urxencias nos hospitais con estancias de pacientes nos pasillos durante días; 400.000 pacientes en listas de espera para intervencións cirúrxicas.

É unha realidade próxima e coñecida polos usuarios da sanidade. Cada certo tempo nos medios de comunicacións se fai referencia á **masificación dos servizos de urxencia do Hospital Montecelo ou do Provincial**. Cada verán fechan salas e retiran camas por non ter persoal para atender aos pacientes. E así un longo etcetera de problemas debidos á **redución da inversión en saúde e aos procesos de privatización** que se dan na sanidade.

Mentras todo isto acontece en Marin hai un

Hospital infrautilizado, o da Escola Naval Militar. Reiteradas propostas se fixeron para integrar este edificio na rede de atención do Sergas.

Consideramos que é o momento de facer unha nova petición para que estas instalacións públicas sexan realmente rendabilizadas e utilizadas.

Este hospital pode dar servizo aos concellos de Bueu e Marin, adicando-se a urxencias, materno-infantil, ou ao que se considere máis oportuno e

necesario por parte dos responsábeis sanitarios.

Desde o Colectivo Nacionalista solicitamos dos Concellos afectados, así como da Xunta de Galiza que de forma inmediata procedan a negociar a integración do Hospital da Escola Naval na rede asistencial do Sergas.



Hospital da Escola Naval Militar de Marin

O pre-escolar de "Calvo Sotelo" ten dereito a un pátio digno. Desde o Colectivo Nacionalista demandamos do Concello unha solución ao pátio do colégio de pre-escolar "Calvo Sotelo" que atenda as necesidades dos rapaces e rapazas e que non esté en función de intereses particulares. Asimesmo, manifestamos o noso apoio ás nais, pais e mestres que están loitando por un pátio e unha educación digna para os seus fillos.

Eleicións Xerais: un novo circo eleitoral

Unha verdadeira democracia non é aquela na que se vota cada catro anos, senón aquela na que o poder está realmente no pobo e este se pode expresar libremente sen nengun tipo de coerción, aquela na que todas as persoas son iguais e polo tanto sen clases sociais.

25 anos despois da aprobación da constitución, tan celebrada como discutida, as farsas eleitorais seguen a producir-se cada catro anos. Os grandes partidos políticos que amañaron a transición para que todo quedara igual, tentan vendernos en cada novo proceso electoral os seus grandes programas, as suas grandes ideas. A realidade é que, **gañe quen gañe, van levar adiante as mesmas recetas neo-liberais de privatizacións e recorte de inversións públicas, recorte de liberdades e imposición mediática do pensamento único.**

Hoxe é imposible distinguir as esquerdas das dereitas, os nacionalistas dos autonomistas. **Tanto PP, PSOE, ou BNG teñen como obxectivo manter as suas burocracias partidárias e os seus cargos intitucionais no xogo das eleccións.**

Decimos que estamos ante unha farsa electoral porque coa cobertura que lles dan os nosos votos fan e desfan o que lles ven en gana, tomando os escanos como unha máis das suas *propiedades* e non como unha cesión temporal do pobo ante o que teñen que render contas.

Con este sistema, que alguns pensan democrático, *os cidadáns vemonos indefensos ante estes profesionais da política*, xa que non existen mecanismos polos cales podamos substituí-los cando consideremos necesario. Así, por exemplo, en casos como o do Prestige e a invasión de Irak, a pesar da gran oposición da cidadanía ninguén asumiu responsabilidades.

Dicia así a parábola de MaKlavov: *“Vostede atopa-se nun coche que vai a toda velocidade por unha estrada estreita e sinuosa que pasa pola beira dun precipicio... de pronto da-se de conta de que o conductor non é capaz de conducir, ben porque non sabe controlar o volante en circunstancias difíciles, ben porque esta moi canso e perdeu o dominio dos seus nervos, sexa o que sexa, se o volante continua nas suas mans a catástrofe é inevitável. Felizmente hai no coche xente que sabe conducir. Por tanto, é necesario que substitúan ao conductor o máis rápido posible. Pero cando o coche vai a toda velocidade, a substitución é extremadamente perigosa. Ademais, por amor propio ou profesional, ou por cegueira, o conductor obstina-se en non soltar o volante e non permite que ninguén o colla...”*



Os poderes fácticos, que poñen o coche institucional no estado español, non van deixar o volante que manexan tan ben para eles os grandes partidos políticos. **Non van deixar que as nacións, como Galiza, poidan manexar por elas mesmas o seu futuro.** Van levarnos ao precipicio.

Qué facer entón? Desde o Colectivo Nacionalista temos claro que **as opcións que se presentan nas próximas eleccións xerais non son válidas para defender os intereses dos cidadáns, nen os intereses de Galiza.** É necesaria a articulación dun novo proxecto que sexa claramente nacionalista e de esquerdas, que teña un funcionamento democrático e poña por diante os intereses do pobo galego.

O Porto de Marín en galego

Iniciamos unha campaña de galeguización do Porto de Marín. Presentamos un escrito solicitando desta entidade a plena galeguización dos seus escritos e a rotulación das suas instalacións. Tamén pedimos do Concello de Marín, como parte integrante do seu Consello de Administración, que demande o uso do galego.

Denunciamos os buracos na Av. Jaime Janer

Esta rua ten un firme deteriorado e cada vez que chove un pouco comezan a

formar-se un gran número de buracos. Solicitamos do Concello que se arranxaran, sobre todo os da intersección coa rua que vai ao cemitério. Ao día seguinte encheron de piche ese cruce, de xeito tan chapuceiro que está quedando peor que antes.

Postes de luz no medio da estrada

O Colectivo Nacionalista de Marín presentou un escrito no Concello solicitando que se proceda a retirada dos dous postes de luz que quedaron no medio da travesía que une a rúa da Estrada co Inferniño (detrás do Instituto)